



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA Nº 2019/1

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

- VENRES 4 DE XANEIRO DE 2019-

No día de hoxe, ás 10:05 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria do Pleno.

PRESIDE:

José Luis García López

ASISTEN:

(De Alternativa por Arzúa)

María del Carme Torreiro González

Alfonso Carril Guerra

Aurora Varela Duro

Miguel Angel Vallo Camba

Andrés David Pérez Ferreira

María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)

Jesús García Rodríguez

Alfonso Lodeiro Regueiro

Evangelina María Orois Conde

Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)

Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTI)

José Ignacio García Couso

SECRETARIA:

Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA:

Olga Castro Fernández



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data **17 de decembro de 2018** e ao non producirse ningunha, o Presidente somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- DITAME RESOLUCION DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACORDO DE DECLARACIÓN DA CADUCIDADE E ARQUIVO DAS ACTUACIÓNS DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, CUXA APROBACIÓN INICIAL TIVO LUGAR POR ACORDO DO PLENO O DÍA 7 DE MAIO DE 2018.

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente en Comisión informativa de data 26 de decembro de 2018:

PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición interpostos contra o acordo de declaración de caducidade e arquivo de actuacións do procedemento de modificación da RPT aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 7/5/2018, con motivación nas consideracións xurídicas que figuran no informe xurídico de data 17/12/2018, asinado por Victorino Fuente Martínez, que consta no expediente; por consideralo mellor fundamentado legalmente que o do secretario da Corporación de data 19/12/2018, que tamén figura no expediente; e en consecuencia archivar dito expediente de modificación da RPT aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 7/5/2018.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ós interesados no expediente, indicando o réxime de recursos que poden interpoñer contra o mesmo.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* O Sr. García Couso (CxG) manifesta:

- Que a súa posición respecto a este tema quedou clara, a valoración que se fai desde o equipo de goberno de considerar mais motivado o informe do asesor xurídico externo co do secretario, parece que se ten unha capacidade de análise dos informes que en realidade non se ten.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

- Que a súa posición vai ser favorable a estimación dos recursos a aprobación do pleno de 31 de outubro de deixar caducada a tramitación desta RPT.

- Que vai facer referencia a algunhas contradicións que atopou no informe do asesor xurídico:

-O asesor xurídico externo basease no informe da empresa que elaborou as dúas RPTs, a empresa a mandato do concello fai eses informes. O informe exterior indica no seu punto 3º: *“se me informó en su día desde el ayuntamiento que la referida modificación de la RPT es susceptible de producir efectos desfavorables”*. E pregunta se o propio concello que elaborou a RPT, despois informa que produce efectos desfavorables ¿ por que se fai así?; mais adiante no mesmo punto o informe indica .” dichos efectos desfavorables no se traducían automáticamente en una disminución de retribuciones”, como ben demostran as alegacións que presentan os traballadores defendendo esa RPT en contra da caducidade.

-No punto 5º o informe do asesor externo indica: *“No se ha tenido acceso al contenido de la RPT aprobada inicialmente”*, é dicir, informa en contra duns recursos que defenden a validez desa RPT sen coñecela.

- Na pax. 4 e 5 do informe, indica o asesor xurídico: *“En este punto el letrado que suscribe a de remitirse a la información facilitada por el ayuntamiento, sobre los efectos desfavorables de la modificación de la RPT que obran en los antecedentes de este informe y del anteriormente emitido”*.

-No segundo parágrafo da pax. 5 dinos: *“ Esa modificación si que producía una disminución de las retribuciones que deberían de corresponder a dichos puestos de trabajo”*, no mesmo informe indica que non produce efectos de diminución salarial nos postos de traballo e que si que os produce.

-O informe do asesor xurídico e un informe feito a favor da proposta do goberno municipal, e lémbrale a unha frase de Cañita Brava *“lo mismo digo una cosa que le digo la contraria”*. E pregunta: ¿Ten contrato a empresa para a realización da segunda RPT, se hai contrato, porque procedemento se fixo?.

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indica, que neste punto vaise abster, xa que hai moitos postos de traballo que entran na RPT, porque hai unha sentenza xudicial que obriga a incluílos, pero tampouco vai votar a favor porque hai alegacións dos sindicatos e dos traballadores.

* O Sr. García Rodríguez (do PP) manifesta, que o seu grupo vaise abster, dado que hai certas contradicións que son mais xurídicas que outra cousa.

* O Sr. alcalde explica:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

- Que considera que todo o relativo a RPT tivo moito debate, e a única apreciación que vai facer o respecto é un resumo de cómo se desenvolveron as cousas, porque queres debatir para que se vexa que hai algo obscuro que o alcalde fai para perxudicar aos traballadores, e en ningún momento se tratou de perxudicar a ninguén:

1. Abrese o procedemento da RPT a un ano das eleccións, e sería absurdo pola súa parte pretender calquera manobra xusto a tan pouco prazo das eleccións.

2. A RPT modifícase porque hai unha sentenza que nos obriga a incluír aos profesores de música dentro da RPT, e como tamén hai outros traballadores do concello que non foron incluídos na RPT no seu momento sen saber porque motivo, e que estaban na mesma situación que os músicos, decídese que xa que se inclúen os músicos incluír a eses traballadores que están en fraude de lei.

3. Ao mesmo tempo decide abrir un prazo suficientemente amplo de máis dun mes para que calquera traballador do concello poida facer unha solicitude decindo aquilo que pensa que quedara mal na RPT aprobada no 2010, e sorpréndese que haxa poucas solicitudes; pero a súa sorpresa foi que na primeira modificación da RPT, porque incluso a xente que non solicitara tratouse de beneficiada, e xente que non fixo solicitude ningunha despois ponte sen contra da RPT, co cal un alcalde ten que ser suficientemente responsable e estar por encima de certas cousas, se non pides nada, e cho dan e paréceche mal o que che dan, non me parece lóxico é absurdo.

4. O motivo do retraso da publicación dun mes no BOP da primeira modificación, el da orde de que se publique na mesma semana de aprobación polo pleno e non se publica, e el non é o responsable de mandar a publicar ao BOP, entón cando se produce a caducidade el ten que tomar unha decisión ou ben levar o que se considerou que me obriga a lei e por outro lado unha serie de modificacións que xa expliquei moitas veces as razóns polas que se levaban e que as podía levar. Outras que os traballadores non estaban de acordó decidiu non levalas, de feito o número de alegacións reducíronse considerablemente nesta segunda modificación.

- Supón que a todos se nos escapan cousas, porque non somos especialistas nisto, pero o informe tanto da empresa como dos servizos xurídicos están fudamentados, non se trata de haxa efectos desfavorables en canto a salarios, porque podéase ver nas taboas que a ninguén se lle baixa o soldo, era máis ben cuestión de valoración dos puntos para tratar de non modificar nada, e eses son os efectos desfavorables que tiña a primeira modificación.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

- Que teñen o expediente dende hai moito tempo, levamos un ano con este tema e cre que este tema esta suficientemente debatido.

-Que en canto a pregunta do Sr. García Couso sobre a contratación da empresa, fíxose polo procedemento dos contratos menores.

Na segunda rolda de intervencións interveñen:

*O Sr. García Couso (CxG) que expón:

-A empresa que fixo a RPT indica no informe: *"El Ayuntamiento de Arzúa cuenta con una RPT aprobada a inicios de 2011 y tras siete años de vigencia se ha considerado conveniente actualizar"*.

- Que é verdade que a modificación da RPT se fai por unha sentenza xudicial que obriga a incluír aos traballadores do conservatorio, pero como vemos os informes da empresa que elaborou a RPT que debería coñecer o motivo, falsease dicindo que é unha renovación que polo paso do tempo se debería realizar, polo tanto é contradictorio co que acaba de expor o Sr. alcalde, de que se fixo coa intención de incluír a maioría de traballadores; cando na primeira modificación si que se inclúen moitos traballadores que na segunda se retiran.

- Que o tema deste punto é atender os recursos que presentan os traballadores e incluso unha organización sindical, quere dicir que contra o acordo de hoxe aínda cabe o recurso contencioso, que é acudir a xustiza, pero iso ten un custo, el non vai ir porque non é técnico xurídico, nin ten os medios para ir a un contencioso, pero anima ao sindicato que dispón de medios suficientes a que vaia, porque quedan moitas contradicións sen resolver.

* O alcalde indica:

- Que esto último que acaba de comentar o Sr. García Couso sobre a actualización, que non se fai moitas veces, porque implica o que implica e considera que unha RPT non ten que votar anos e anos sen actualizarse, considera que a RPT ten que ser un documento flexible e hai que ter a valentía suficiente para poder actualizala, modificala cando se considere necesario, e foi o que tratou de facer.

- Que non se trata de igualar nada porque é moi complicado igualar debido a como está feita a primeira RPT, pero si equilibrar certas cousas que había, e considera que coas modificacións é unha RPT moito mais equilibrada.

Tras o exposto o alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose -por 7 votos a favor (de AxA), 5 abstencións (4 do PP, 1 PSdeG-PSOE) e 1 voto en contra de CXG- os seguintes acordos:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición interpostos contra o acordo de declaración de caducidade e arquivo de actuacións do procedemento de modificación da RPT aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 7/5/2018, con motivación nas consideracións xurídicas que figuran no informe xurídico de data 17/12/2018, asinado por Victorino Fuente Martínez, que consta no expediente; por consideralo mellor fundamentado legalmente que o do secretario da Corporación de data 19/12/2018, que tamén figura no expediente; e en consecuencia archivar dito expediente de modificación da RPT aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 7/5/2018.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ós interesados no expediente, indicando o réxime de recursos que poden interpoñer contra o mesmo.

3.- DITAME RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, CUXA APROBACIÓN INICIAL TIVO LUGAR POR ACORDO DO PLENO O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2018.

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente en Comisión informativa de data 26 de decembro de 2018:

PRIMERO.- Desestimar as alegacións presentadas por:

- Manuel Vázquez Seijas
- Coordinadora de traballadores/as de Normalización da Lingua
- Sindicato de CCOO
- Dolores Pilar Moscoso Fuentes
- José Luis Otero Sánchez
- Elena Vaamonde García
- José M. Souto Andrade
- Jesús Rúa Taboada
- Ramón Vereá Castelo
- José Manuel Alamancos Pampín
- Alberto Cao Gigirín
- Irene Couselo del Río



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

motivando dita desestimación no contido do informe do asesor que elaborou a modificación puntual da RPT, de data 4/12/2018, así como rexeitar por extemporánea a alegación presentada por José Marcelino Alamancos Pampín.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente modificación da RPT aprobado inicialmente en sesión do Pleno municipal de 31/10/2018, nos termos establecidos en dito expediente, rectificando en aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015 o erro material que figuraba na páxina 32 respecto do grupo do posto de traballo do técnico de xestión, que figuraba como A1, debendo figurar como A2.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos representantes legais dos traballadores indicando réxime de recursos que corresponden, así como aqueles que presentaron alegacións neste procedemento de modificación puntual da RPT, e para xeral coñecemento dos afectados publicar o seu contido no BOP da Coruña, condicionando os efectos económicos desta aprobación á aprobación definitiva da modificación da plantilla de persoal e do orzamento municipal ou modificación orzamentaria pola que se doten os postos e variacións retributivas.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo á Administración do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma, remitindo copia da RPT modificada no prazo de trinta días a contar dende a súa aprobación.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*O Sr. García Couso (CxG) manifesta:

- Que neste caso falamos da modificación puntual e xa se debatiu e mantense na súa posición, quere facer constar que se fai ante a incapacidade de aprobar a primeira e resolver as alegacións e elevar a definitiva a aprobación desa primeira modificación.

- Que se manteñen nesta segunda modificación o posto que actualmente ocupa o irmán da 1ª tenente de alcalde, mantense a creación da praza de técnico de información de turismo e comunicación institucional, que da que desconfiar.

-Que con respecto a resposta das alegacións, hai cousas no informe da empresa que lle resultan curiosas, supón que estarán motivadas, xa que considera varias alegacións presentadas polos traballadores unha opinión peersoal sobre a cal a empresa non se considera que se deba manifestar, resulta curioso; polo tanto o seu voto vai ser en contra do rexeitamento destas alegacións e en contra da aprobación definitiva da nova RPT, esa RPT reducida en contradición co que dixo o alcalde de que tiña que ser un



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

documento vivo sometido a modificacións, esa era a primeira RPT que suporía modificacións sustantivas da RPT inicial pero esta é moito máis reducida. Se é un documento vivo con estas modificacións estamolo matando.

* A Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) manifesta:

- Que este é un tema repetitivo levamos tres plenos con el.

- Que quere preguntar, xa que é unha cuestión que lle plantea a xente do pobo sobre o tema do técnico de información turística, ¿Cando empezaría? ¿ Que función tería?, porque xa temos un servizo de información turística no concello subvencionado por outras institucións como é a Deputación ¿Qué función vai ter ese posto de traballo?

* Sr. García Rodríguez (do PP) indica que vaise abster, porque é falar do mesmo tema.

*O alcalde intervén para expoñer :

- Que fixo un esquema para intentar explicar por énesima vez algunhas situacións,(o Sr. García Couso pide que conste en acta que se non pode quedar co esquema quere unha foto. Tras debate sobre o reparto do esquema entre o Sr. García Couso e o alcalde este último decide proceder a lectura e non repartilo) o Sr. García Couso fala que a modificación real foi a RPT iniciada no 2010 e aprobada no 2011 e que esta non é modificación.

- Que explicou que para chegar a igualdade que piden os traballadores hai que primerio empezar por equilibrar certas cousas que quedaron mal na RPT anterior:

- Temos unha grupo A1, unha técnica de Administración Xeral que cobra arredor de 36.000 euros.

- Temos un grupo A2 inferior un arquitecto técnico que cobra casi 41.000 euros.

- Un técnico de xestión que cobra sobre uns 35.000 euros, cobra tanto como un A1.

- Dentro do mesmo grupo A2 hai xente que cobra a metade un menos deses soldos, como o caso das traballadoras sociais que cobran ao redor de 21.000 euros e a técnico de emprego que non chega nin por asomo a esas cantidades.

- Un grupo C1 onde esta incluído o animador sociocultural, animador deportivo, axentes de policía local e o bibliotecario que o soldo do animador sociocultural é arredor de 18.000 euros e o do bibliotecario de 16.700 euros.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

- Un grupo C2 auxiliares administrativos cobrando por encima de xente do C1, o auxiliar administrativo de urbanismo que cobra case tanto como un A2 que son 20.000 euros, auxiliar administrativo de rexistro cobra mais que o animador sociocultura que é un C1.
- En mantemento temos o encargado que cobra 21.000 euros, cobra tanto como un A2, e temos os operarios de servizos varios que cobran 16.665 euros.
- Reducironse as alegacións a metade, pero son os que mais teñen os que poñen as alegacións, non hai nin unha soa alegación dun operario de servizos varios, peor si hai a alegación do encargado de mantemento.
- Que se queremos chegar a igualdade que reclaman os traballadores, hai que arranxar certas cousas, e xa explicou como, vai dentro da nova RPT a creación dun posto de administravio en urbanismo, precisamente que o soldo que ten agora de 20.000 euros, o que non se pode facer e igualar a todos os auxiliares administrativos a 20.000 euros porque produciríase un efecto dominó que tería que chegar ata os A2, porque hai xente dese grupo que cobra parecido a un C2.
- Que esa maraña é a que se pretende desfacer pero haberá que ir paso a paso e non intentar facer todo dunha vez, porque é practicamente imposible, porque se empeza a igualar soldos en todos os grupos habería un efecto domino e hai que variar todo. O problema esta nos A2 porque hai xente que esta cobrando o dobre do que cobra algún compañeiro do grupo.
- Con respecto ao técnico de turismo, hai concellos que teñen creada esta praza e teñen menos turismo que Arzúa, as funcións están na documentación da RPT, o que non se pode confundir e alguén que está durante uns meses atendendo os peregrinos, proporcionando información turística, con alguén que coordine todo o que ten que ver co turismo en Arzúa, e o mesmo traballo que desempeña o técnico de cultura ou o de deporte, hai xente que esta encargada dos pavillóns, pero hai un técnico deportivo que coordina todo. Entre as función que pode desempeñar o técnico de turismo están desde elaborar percorridos turísticos, ter unha relación cos empresarios que se adican o turismo en Arzúa que é o que mais está medrando no noso pobo, para facer actuacións en común ou para non caer en certas cousas que están ocorriendo como é os temas dos presos e outras cousas. Ese traballo non llo pode encargar a un técnico de cultura que as veces está facendo algún traballo referido ao turismo.

Na segunda rolda de intervencións intervén:

- * O Sr. García Couso (CxG) manifesta:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

-Que as explicacións dadas polo alcalde, sobre o A1, A2, C1, C2, será debido a súa deformación profesional pero confundeos cos permisos de conducir, e acaba sen entender nada.

- Que entende que hai certas incoherencias nas definicións dos postos de traballo na anterior RPT ¿Solucionaas esta RPT , ou e un parche para saír do momento do inicio desa verdadeira solución que era a RPT aprobada no mes de maio, que ante a incapacidade de xestión do alcalde volveuse atrás e aprobou a súa caducidade?

* Sr. García Rodriguez (do PP) o cal indica:

- Que respecto ao técnico de turismo a súa opinión xa dixo mais veces, e fundamental que nunha vila como Arzúa sacarlle mais partido ao turismo, porque non lle ofrecemos nada mais que durmir e comer onde poida, e poderíanse facer rutas guiadas que darían vida a moitas familias, non so ensiñandolles cousas de Arzúa senón por exemplo o Mosteiro de Sobrado, rutas como as fervezas das Hortas. Tiñamos que aprender algo da xente que vai por diante de nos nestes temas. Hai que saber vender o que temos e non o estamos facendo.

*O Alcalde indicalle o Sr. García Couso que o que dixo na súa última intervención, entende o que lle da a gana, porque se di que non entendeu o que é A1, A2... que é un tema que levamos debatindo todos estes meses con respecto a RPT é básico e o Sr. García Couso sabeo.

Tras o exposto o alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose -por 7 votos a favor (de AxA), 5 abstencións (4 do PP, 1 PSdeG-PSOE) e 1 voto en contra de CXG- os seguintes acordos:

PRIMERO.- Desestimar as alegacións presentadas por:

- Manuel Vázquez Seijas
- Coordinadora de traballadores/as de Normalización da Lingua
- Sindicato de CCOO
- Dolores Pilar Moscoso Fuentes
- José Luis Otero Sánchez
- Elena Vaamonde García
- José M. Souto Andrade
- Jesús Rúa Taboada
- Ramón Verea Castelo



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

- José Manuel Alamancos Pampín
- Alberto Cao Gigrín
- Irene Couselo del Río

motivando dita desestimación no contido do informe do asesor que elaborou a modificación puntual da RPT, de data 4/12/2018, así como rexeitar por extemporánea a alegación presentada por José Marcelino Alamancos Pampín.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente modificación da RPT aprobado inicialmente en sesión do Pleno municipal de 31/10/2018, nos termos establecidos en dito expediente, rectificando en aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015 o erro material que figuraba na páxina 32 respecto do grupo do posto de traballo do técnico de xestión, que figuraba como A1, debendo figurar como A2.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos representantes legais dos traballadores indicando réxime de recursos que corresponden, así como aqueles que presentaron alegacións neste procedemento de modificación puntual da RPT, e para xeral coñecemento dos afectados publicar o seu contido no BOP da Coruña, condicionando os efectos económicos desta aprobación á aprobación definitiva da modificación da plantilla de persoal e do orzamento municipal ou modificación orzamentaria pola que se doten os postos e variacións retributivas.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo á Administración do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma, remitindo copia da RPT modificada no prazo de trinta días a contar dende a súa aprobación.

4.- DITAME APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE ARZÚA.

A secretaria da lectura da seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente en Comisión informativa de data 26 de decembro de 2018:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal do Concello tal e como segue:

1.- PERSOAL FUNCIONARIO

1.1.- Dotación das seguintes prazas:

Denominación da praza	Grupo	Escala	Subescala	Dot. prazas	Observacións
-----------------------	-------	--------	-----------	-------------	--------------



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Tesoureiro/a	A1	Habilitación Nacional	Intervención-Tesourería	1	
Auxiliar Administrativo/a	C2	Administración Xeral	Auxiliar	1	
Auxiliar administrativo/a	C2	Administración Xeral	Auxiliar	1	P.I.
Oficial Policía	C1	Administración Especial	Servizos especiais	1	P.I.

1.2.- Eliminación da seguinte praza:

Denominación da praza	Grupo	Escala	Subescala	Dot. prazas	Observacións
Arquitecto	A1	Administración Especial	Técnica	1	

2.- PERSOAL LABORALFIXO

2.1.-Dotación das seguintes prazas:

Denominación da praza	Dot. de prazas	Observacións
Auxiliar administrativo	2	
Profesor/a Conservatorio	8	
Administrativo	1	P.I.
Axente de Emprego Local	1	
Informatico	1	
Técnico comunicación e turismo	1	
Oficial de 1ª	1	
Operario servizos varios	2	

2.2.- Eliminación da praza:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Denominación da praza	Dot. de prazas	Observacións
Limpadora	1	

3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

3.1.- Eliminación de oito prazas de profesor/a de Conservatorio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 15 días hábiles para presentar alegacións ante o Pleno do Concello.

TERCEIRO.- Considerar o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* O Sr. García Couso para manifestar:

- Que se aleda que se modificara o título deste apartado xa que non é unha aprobación dun cadro de persoal senón unha modificación.

- Pregunta se existe dotación orzamentaria para esta nova plantilla, se non existe como se vai aprobar, vía modificación decreto ou nos orzamentos que se aprobaran, se é o caso o segundo, ¿cando se prevé a aprobación destes orzamentos?

* O Sr. García Rodríguez (do PP) indica que se van abster.

* O alcalde manifesta, que respecto a pregunta do Sr. García Couso espera ter os orzamentos listos neste mes de xaneiro.

Tras o exposto o alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose -por 7 votos a favor (de AxA), 5 abstencións (4 do PP, 1 PSdeG-PSOE) e 1 voto en contra de CXG- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal do Concello tal e como segue:

1.- PERSOAL FUNCIONARIO



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

1.1.- Dotación das seguintes prazas:

Denominación da praza	Grupo	Escala	Subescala	Dot. prazas	Observacións
Tesoureiro/a	A1	Habilitación Nacional	Intervención-Tesourería	1	
Auxiliar Administrativo/a	C2	Administración Xeral	Auxiliar	1	
Auxiliar administrativo/a	C2	Administración Xeral	Auxiliar	1	P.I.
Oficial Policía	C1	Administración Especial	Servizos especiais	1	P.I.

1.2.- Eliminación da seguinte praza:

Denominación da praza	Grupo	Escala	Subescala	Dot. prazas	Observacións
Arquitecto	A1	Administración Especial	Técnica	1	

2.- PERSOAL LABORALFIXO

2.1.-Dotación das seguintes prazas:

Denominación da praza	Dot. de prazas	Observacións
Auxiliar administrativo	2	
Profesor/a Conservatorio	8	
Administrativo	1	P.I.
Axente de Emprego Local	1	
Informatico	1	
Técnico comunicación e turismo	1	
Oficial de 1ª	1	
Operario servizos varios	2	



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

2.2.- Eliminación da praza:

Denominación da praza	Dot. de prazas	Observacións
Limpadora	1	

3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

3.1.- Eliminación de oito prazas de profesor/a de Conservatorio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 15 días hábiles para presentar alegacións ante o Pleno do Concello.

TERCEIRO.- Considerar o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública.

B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL.

1.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS:

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, a Secretaria da conta dos decretos ditados pola alcaldía dende a data de 1 de outubro de 2018 ao 28 de decembro de 2018 aos que lles corresponden os números 484 a 715.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

MOCIÓNS DE URXENCIA

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, o alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión.

* Unha presentada pola a concelleira do PSdeG-PSOE a cal motiva a urxencia de tratar agora esta moción titulada “**Política do Goberno Galego en relación co finazamento das entidades locais**” porque se trata dunha moción que está presentando o grupo político do PSdeG-PSOE en todos os concellos da provincia, debido a desigualdade que hai por parte da Xunta en canto as partidas que dispón para os Concellos; moitos concellos están totalmente apartados con respecto os concellos onde goberna o PP. Isto é perxudicial para os vecinos do Concello,.

Acéptase a urxencia da moción e o seu tratamento por unanimidade de todos os concelleiros presentes con 13 votos a favor, pasando a Sra. Balado Condea ler dita moción, cuxo contido é o seguinte

“O Grupo municipal dos Socialistas de Arzúa dacordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

- 1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.
- 2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.
- 3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.
- 4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades
- 5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais puidan recibir en investimentos o 50% das recaudacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva “

Logo da lectura da devandita moción, realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde para indicar:

- Que en Arzúa investiu mais a Deputación nun ano que a Xunta de Galicia nos últimos tres anos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

- Que o que se trata de conseguir con esta moción é de que se equiparen as partidas, e que non teña que ver a cor política.
- Que no último ano cre que en Arzúa a Xunta investiu 40.000 euros e anunciouse a bombo e platillo en todos os medios de comunicación.
- Que se non chega a ser pola Deputación da Coruña, gobernada polo PSOE e BNG, Arzúa quedaría sen ningún tipo de investimento.

*Do Sr. García Couso (CxG) para manifestar:

- Que vai a votar a favor da moción, aínda que ten que facer algunhas consideracións a esa defensa pechada que fai a Concelleira do PSdeG-PSOE da Deputación que non comparte; e non se refire aos programas da Deputación que sí poden estar acertados, senón a función propia da Deputación que é unha institución arcaica e innecesaria, e que o único que fai e suponer unha dimensión maior das administración nalgúns casos.

- Que se tiveramos un estado descentralizado, con competencias exclusivas nas C.A. non farían falta estes organismos intermedios de dudosa representación democrática que o único que fan é aumentar os custos. Que cando di isto parece que sexa un revolucionario, pero lembra que as Deputacións no estado español que foron eliminadas como en Asturias, Rioja etc..., todas as competencias están nos gobernos das CA. Outra cousa e o funcionamento da Xunta de Galicia, que ben o coñecemos, é propio do partido que ostenta o poder, é discrecional, reparto de fondos con carácter político.

*Do Sr. García Rodríguez (PP) para indicar que se vai abster.

* Do alcalde para manifestar:

- Que xa ten comentado no Pleno e na radio local a diferenza de tratamento que ten a Xunta dunha administración a outra.

- Que cre que os alcaldes o andar de pedichons dunha consellería a outra quedanos cara de tontos porque xa sabes que non che van dar nada, aínda que che traten moi ben, isto debería estar erradicado.

- Durante estes anos de goberno bipartito na Deputación, co reparto mais ou menos obxectivo de fondos, para o noso concello foi un alivio, para non ir de pedichóns para nada a Deputación, como viña ocorrendo antes.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as cinco propostas de acordo que contén dita moción.
Adoptándose -por unanimidade dos 13 membros asistentes- o acordo de instar ao Goberno galego a:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais puidan recibir en investimentos o 50% das recaudacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva .

*Outra moción titulada “**Concellos Galegos en prol da educación rural**” sobre a cal o alcalde indica:

- Que a divandita moción trouxo a unha mestra dunha escola rural, motiva a urxencia da mesma de que queren trasladar o contido da mesma canto antes a Xunta de Galicia, en todos os concellos que sexa aprobada.

- A moción trata da queixa do trato que están recibindo estas escolas por parte da Xunta con recortes tanto en recursos como en profesorado, e piden que se elabore un plan específico para o medio rural coa finalidade de dar solución a esta problemática.

céptase a urxencia da moción e o seu tratamento por unanimidade de todos os concelleiros presentes con 13 votos a favor, pasando a Sra. Varela Duro a ler dita moción, cuxo contido é o seguinte:

“A situación actual das escolas do medio rural, nomeadamente aquelas situadas en bisbarras con menor poboación, require un posicionamento e defensa dos servizos públicos de educación no medio rural, por partedas institucións que deben xestionar as demandas e necesidades da súa veciñanza, é dicir, dos concellos.

Non está en cuestión o fundamento legal do dereito á educación, nin da igualdade de trato ou de acceso aos mesmos dereitos en calquera parte do



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

territorio, nin tan sequera da obriga dos poderes públicos de velar polo efectivo cumprimento da lei e de corrixir os desequilibrios territoriais en base á solidariedade... aspectos todos eles recollidos na Constitución e numerosas leis de desenvolvemento do medio rural, de hábitat, da agricultura e, mesmo, de educación.

Porén, o continuo peche de escolas, a supresión de unidades e prazas, a perda de especialistas, o recorte de recursos, a inadecuación, supresión ou limitación de transporte e comedor escolar, a carencia de novos sistemas de agrupamento funcional flexibles e adaptados ao medio rural, todos eles, están provocando adeseparación do servizo público de educación no rural e consecuentemente aceleran o seu abandono e falta de alternativas.

Dende as zonas de montaña ata as zonas rurais periurbanas, o medio rural galego acubilla máis da metade da poboación galega, sexa en lugares, aldeas ou vilas rurais. Non é, por conseguinte, un problema menor, senón de grande relevancia para Galicia e para moitos concellos.

Resulta palmario que estas familias habitantes do rural teñen dende hai moitas xeracións o seu proxecto vital no medio rural e polo tanto teñen dereito a que nese contexto se lles articulen solucións de futuro.

En remate, trátase de garantir:

Unha discriminación positiva dos centros escolares do rural para que o seu alumnado teña os mesmos dereitos que os de outras zonas.

Unha asignación optimizada de recursos educativos, tanto materiais como docentes, de transporte e comedor escolar que sexan racionais, suficientes e adaptados que posibiliten a igualdade de dereitos.

A primacía do dereito á educación das nenas e nenos e das súas familias sobre o criterio administrativo do número de alumnos/as.

Unha educación que valore os acenos identitarios do rural incentivando o apego das crianzas coa contorna da súa terra e polo tanto a súa raizame.

Con estes fundamentos, a Confederación ANPAS GALEGAS en representación da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural (que aglutina a unha diversidade de entidades do medio rural como as propias anpas, movementos de renovación pedagóxica, grupos de desenvolvemento rural, sindicatos, asociacións e colectivos ecoloxistas, veciñais, culturais e de igualdade de xénero, colexios profesionais, e profesorado de educación infantil, primaria, secundaria e universidade, entre outros), presenta para a súa discusión e aprobación no pleno municipal dese concello a seguinte MOCIÓN:

1. Que se solicite da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

2. *Que se lle pida á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de unidades, servizos complementarios e recursos educativos que atinxan ao rural, en tanto non entre envigor o Plan solicitado no punto anterior.*

3. *Que se lle demande á Consellería de Educación a execución, entremetres, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.*

4. *Que dende ese Concello se notifique á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e se remita copia á Confederación ANPAS GALEGAS.*

Deseguido interveñen:

* O Sr. García Couso (de CxG) para indicar:

- Que a lectura rápida non deixa facer unha intervención mais detallada, en todo caso vota en falta unha defensa mais enérxica da ensinanza pública, de que os fondos das administracións teñen que ser dirixidos principalmente a garantir unha ensinanza pública de calidade e priorizar iso en todos os medios, con isto quere dicir, no rural os centros públicos as veces pola diminución do alumnado vense privados de medios que deberían de manterse como prioritarios en detrimento dos famosos colexios concertados, que parece que a Xunta prima sobre os outros.

* A Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indica:

- Que vai votar a favor da moción, estamos sempre criticando que a despoboación no rural vai cada vez a mais, e o que non podemos facer e que os colexios e os nenos se vaian para o centro das vilas, porque a fin de contas isto fai que marchen as súas familias para os pobos e cidades e o rural segue desfavorecido.

- Que temos un caso moi cerca no Concello de Santiso, que teñen escola rural gracias os país e vecinos que fixeron manifestacións e non quitaron o profesorado, e teñen sempre o problema que a queren facer desaparecer a escola sacando o profesorado.

* O Sr. García Rodríguez (do PP) indica:

- En todos os concellos hai colexios públicos e cando o número de alumnos é suficiente nunha aldea seguirán as escolas primarias, o que non é viable e que



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

por un alumno ou dous ter un profesor a diario, cando sería mais viable telo a unha distancia que é relativamente certa da súa casa.

- As veces case compensa ter un taxi que leve a 2 ou 3 rapaces a ter un metro para un ou dous alumnos, polo que con respecto a esta moción vanse abster.

* A Sra. Varela Duro (CxG) indica:

- Que van votar a favor da moción, agora existe moi pouca natalidade e iso repercute en que as escolas rurais non poidan ter un número axeitado de alumnos.

- As veces hai que pasar un pouco desas circunstancias e ir a mellora do rural en plan educativo, porque hai que ter en conta que os nenos pequenos veñen nun transporte escolar a 12 km e repercute no rendimento escolar.

-Habería que sacar doutro lado, como podería ser non subvencionar tanto as escolas e colexios concertados e quen queira a ensinanza privada que a pague.

- Habería que investir mais recursos para mellorar a educación e recuperar e adoutrinar os nenos por parroquias, nunha parroquia cunha escola en boas condicións e cunha boa atención. En educación non se debería falar de rentabilidade.

* O Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que non é so mirar a rentabilidade, senón tamén hai que mirar que un alumno non estea só cun profesor xa que non interactua cos seus semellantes, e daríalle angustia que o seu fillo estivera so cun profesor e outra opción para os rapaces pequenos sería coller un taxi e non ían estar tanto tempo no autobús. Pensa que hai outras opción e que os rapaces teñen que ser instruídos xuntos.

* A Sra. Varela Duro indica, que non se opón a socialización dos nenos, pero habería que mirar de agrupar as escolas rurais, non fala de dar clase a un neno ou a dous, pensa que se pode mirar mais polo rural e por determinadas políticas educativas no rural.

Tras o exposto, o alcalde decidiu someter a votación ordinaria esta moción. Adoptandose -por unanimidade dos 13 membros- os seguintes acordos:

1. Solicitar da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.

2. Pedir á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de unidades, servizos complementarios e recursos



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

educativos que atinxan ao rural, en tanto non entre envigor o Plan solicitado no punto anterior.

3. Demandar á Consellería de Educación a execución, entremetres, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.

4. Notificar desde o Concello á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e remitir copia á Confederación ANPAS GALEGAS.

2.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. García Couso indica que ten pendente de contestación unha pregunta que fixo no anterior pleno ordinario de data 31 de outubro de 2018, sobre de cantas parroquias quedaron sen subvención para as festas.

Contesta o Sr. alcalde:

- Rendal e Oines, seguramente algunha mais, pero non foi culpa do goberno municipal xa que cambiou a lei e houbo que cambiar o procedemento.

- Fíxose unha reunión co técnico de cultura, anunciouse na radio e mandouse recado os alcaldes pedáneos, puxéronse anuncios nos taboleiros das parroquias e tamén se avisaron aos das comisións de festas que se sabia que ían ser os encargados de elaborar a programación, no caso das festas que se decidiu 15 días antes quen ía ser a comisión foron os que mais problemas tiveron.

- Esperamos que este ano todo o mundo saiba o que hai e que ninguén perda a subvención, pola nosa parte non se puido facer mais do que xa se fixo.

Ás 11:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, venres 4 de xaneiro de 2019

A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez	O alcalde, José Luis García López
---	--------------------------------------